



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN, FORMACIÓN  
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



Financiado por  
la Unión Europea  
NextGenerationEU



GOBIERNO  
DE ESPAÑA  
MINISTERIO  
DE EDUCACIÓN  
Y FORMACIÓN PROFESIONAL



Plan de Recuperación,  
Transformación y Resiliencia

# PLAN ESTRATÉGICO DE MELLORA DOS CENTROS PROA+ DE GALICIA

---

CPI A Xunqueira (Fene)-15023405

1. INTRODUCCIÓN.....	3
1.1 Vixencia do plan.....	3
1.2 Equipo dinamizador e proceso participativo.....	3
2. CONTEXTUALIZACIÓN.....	6
2.1 Características e singularidades do centro. Formulación institucional.....	6
2.2 Perfil da diversidade do alumnado.....	9
3. IDENTIFICACIÓN DAS ÁREAS DE MELLORA.....	13
3.1 Instrumentos de recollida de información previa.....	13
3.2 DAFO.....	13
3.2.1 Análise e interpretación dos datos DAFO e selección de obxectivos PROA+.....	14
4. LIÑAS ESTRATÉXICAS DE ACTUACIÓN.....	16
5. MARCO DE PLANIFICACIÓN PARA UNHA ESCOLA INCLUSIVA.....	17
6. OBXECTIVOS PROA+.....	18
7. ACTUACIÓNS.....	19
8. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN.....	28
8.1 Seguimento e avaliación das actuacións (Actividades Panca).....	28
8.2 Avaliación dos obxectivos PROA+.....	34
9. PROCEDEMENTO PARA A DIFUSIÓN, REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DE MELLORA.....	36
ANEXO 1. Cuestionario de escola inclusiva.....	38
ANEXO 2. Táboa extra: DAFO.....	43
ANEXO 3. Táboas extra: Análise e interpretación DAFO e selección dos obxectivos PROA+... ..	44
ANEXO 4. Táboas extra: Obxectivos PROA+.....	46
ANEXO 5. Táboas extra: Actuacións.....	48
ANEXO 6. Táboa extra: Avaliación das actuacións (AP).....	54
ANEXO 7. Táboas extra: Avaliación dos obxectivos PROA+.....	58

## 1. INTRODUCCIÓN

### 1.1 Vixencia do plan

A vixencia do plan estratéxico de mellora deste centro escolar será de tres cursos: 2021/2022, 2022/2023, 2023/2024. Finalizado ese período, o Equipo Directivo valorará a posibilidade de propoñer ao Claustro e ao Consello Escolar darlle continuidade, segundo os resultados obtidos e o grao de asimilación das dinámicas de traballo. Para isto, consideraranse as seguintes pautas:

- A planificación a medio prazo: Polo xeral, analizarase se foi un período adecuado para a implantación das accións que pretendíamos levar a cabo, monitorizar os resultados acadados e realizar os pertinentes axustes segundo sexan necesarios.

- Avaliación Periódica: Será importante realizar avaliacións periódicas para verificar o progreso dos obxectivos establecidos e realizar os axustes pertinentes. Estas avaliacións poderán realizarse anual ou trimestralmente, dependendo das necesidades e recursos disponibles.

- Flexibilidade: Resulta fundamental que o plan estratéxico sexa flexible e poda adaptarse aos cambios no entorno educativo, novas prioridades ou emerxencias non esperadas polo centro. Deberanse establecer mecanismos para revisar e axustar o plan segundo sexa necesario ao longo de súa vixencia.

- Actualización: Ao finalizar o período de vixencia do plan, deberase realizar una avaliación exhaustiva dos logros alcanzados, leccións aprendidas e novos desafíos atopados. Esta retroalimentación servirá como base para a elaboración dun novo plan estratéxico ou actualización do existente.

Durante o terceiro trimestre do curso 2023/2024 o Equipo dinamizador levará a cabo unha revisión do PEM co obxectivo de comezar o proceso de actualización do mesmo.

### 1.2 Equipo dinamizador e proceso participativo

Tras realizar unha consulta na última sesión ordinaria de CCP con data 07/03/24 na que se expuxeron as liñas fundamentais do PEM e de PROA+, o Equipo directivo fixo a seguinte proposta de composición do Equipo dinamizador.

- A directora: M<sup>a</sup> Isabel Hermida Rodríguez será a figura de referencia do equipo e a responsable de comunicarse coa inspección educativa, cos/coas coordinadores/as PROA+ da Consellería e co conxunto do claustro nas diferentes fases de elaboración do PEM, ademais de encargarse dos cuestionario da Escola Inclusiva, coa colaboración do resto dos componentes do equipo

- A profesora de Xeografía e Historia e Xefa de Estudos da ESO: Lucía Prieto Seijas realizará a difusión entre o profesorado de Educación Secundaria, ademais de comunicarse coas familias desta etapa.

- A orientadora: M<sup>a</sup> Mar García López será a encargada de supervisar e coordinar os apartados do PEM máis técnicos, sobre todo o "Perfil da diversidade do alumnado", e será a figura de referencia para a difusión do PEM entre o alumnado

- O mestre de Educación Física das etapas de E. Infantil e E. Primaria Manuel González Cotos, será o coordinador na redacción e edición do documento.

- A mestra de Educación Infantil Cecilia Dopico Souto encargarse da difusión entre o profesorado das etapas de Infantil e primaria ademais de comunicarse coas familias destas etapas

Todos os membros teñen destino definitivo no CPI A Xunqueira, agás a orientadora, personal interina no curso 2023/2024, e a directora, que ten plaza definitiva noutro centro educativo da contorna.

É importante aclarar que as funcións xerais que acabamos de expoñer son só unha proposta inicial de traballo, que poderá sufrir cambios durante o curso. Así mesmo, a composición do propio Equipo dinamizador é susceptible de sufrir modificacións ao longo do curso escolar, segundo as circunstancias que se poidan producir; sobre todo, deixaremos a porta aberta a que outras persoas poidan integrarse nel e colaborar nas diferentes tarefas.

A proposta inicial para organizar as xuntanzas do Equipo dinamizador é aproveitar as sesións do claustro para, unha vez rematada a mesma, adicar (só o Equipo dinamizador) un tempo ulterior poder abordar cuestións relativas á elaboración do PEM e coordinar o traballo.

Con respecto ao proceso de elaboración, detallamos a temporalización:

1. Constitución do Equipo dinamizador : con data 08/03/24

2. Formación:

Formación específica ofertada pola Consellería: asistencia da directora á xornada de formación presencial o día 06/03/24

Formación impartida polo coordinador/a PROA+ asignada ao centro D.Benigno Sánchez Vales o día 21 de marzo de 2024 de xeito telemático conta coa asistencia da totalidade do Equipo dinamizador.

Día 10 de abril formación presencial no centro educativo

3. Difusión do PEM;

Xuño de 2024

Responsabilidade do Equipo dinamizador coa colaboración dos/das titores/as (informarase ao claustro, ás familias e ao alumnado sobre a elaboración do PEM e a súa importancia).

3. Elaboración do PEM:

- Marzo 2024 : apartados 1, 2, 3 (incluídos: "Perfil da diversidade do alumnado" e "Cuestionario de escola inclusiva").

- Abril: apartados 4, 5, 6, 7.

- Maio: apartados 8 e 9.

- Xuño: revisión final.

- Quen? O Equipo dinamizador será o encargado de ir elaborando os diferentes apartados, repartindo o traballo segundo a dispoñibilidade dos/das seus/súas integrantes. O papel do orientador terá especial relevancia nos apartados 1, 2 e 3 e será quen coordine a colaboración co profesorado para a elaboración das enquisas necesarias.

4. Aprobación do PEM; cando? Xuño; quen? Claustro e Consello Escolar.

## 2. CONTEXTUALIZACIÓN

### 2.1 Características e singularidades do centro. Formulación institucional

O Centro está no barrio de San Valentín, nunha zona na que a poboación tende a envellecer, con pouca renovación polo que nos últimos cursos estamos notando un descenso na matrícula. Temos adscrito o CEIP Centieiras. O nivel ISEC do noso Centro é medio-baixo. O centro conta con servizo de transporte escolar gratuito, servizo de madrugadores e servizo de comedor.

O Centro participa no proxecto Edixgal, nos cursos de 5º e 6º de primaria e toda a ESO, polo que todo o alumnado destes cursos ten o seu propio portátil. As aulas de infantil e de 1º a 4º e Primaria contan con pantallas táctiles interactivas que instalou a Consellería o curso pasado. O resto das aulas contan cunha pizarra dixital e ordenador para o profesor/a. Nas aulas específicas hai instalados proxectores e ordenadores para os profesores/as, dispoñendo de conexión a Internet dende calquera punto do recinto escolar.

Na actualidade, as ensinanzas que se imparten están distribuídas o seguinte xeito: Educación Infantil (17 Mulleres, 8 Homes) 2 grupos mixtos con alumnado de 3, 4 e 5 anos; Educación Primaria (53 M, 57 H) 6 grupos, un para cada nivel; Educación Secundaria Obligatoria (59 M, 81 H) 7 grupos, dous en 1º, dous en 2º, un en 3º e en 4º dous grupos, sendo un deles de diversificación curricular.

A maioría do noso alumnado vive cos seus proxenitores, aínda que en algúns casos vive con outros familiares ou noutras situacións, ten normalmente unha boa opinión do profesorado e atópase a gusto no Colexio. Polo que respecta á lingua empregada, os pais e nais comunícanse en castelán, entre eles e sobre todo cos seus fillos. No Centro escolar os alumnos falan cos profesores indistintamente en galego e en castelán. A maior parte dos alumnos viven en Fene ou nos arredores máis próximos ó Colexio. A práctica totalidade naceu e viviu sempre en Galicia; únicamente o 3% naceu fora de Galicia (1 alumno de EP e 8 da ESO) pero falan e entenden perfectamente o castelán. Contamos con alumnado NEE, o 4% con dificultades motóricas.

O noso Centro leva a cabo na actualidade os seguintes plans e proxectos:

Proxecto Edixgal

PLAMBE

Radio na Biblio

Club de lectura

Contratos Programa

Plan de potenciación da lingua galega

Plan de Autoprotección

Proxecto lector

Plan de Acción tutorial

Plan Xeral de Atención á Diversidade

Plan de Convivencia: “Aprendendo a ser persoas, aprendendo a convivir”

Participación no Plan Proxecta no programa Clases sen fume

Plan de formación permanente do profesorado, que conta con tres itinerarios:

1) Plan de convivencia e as NOF;

2) Plan dixital;

3) Polos Creativos: radio escolar e biblioteca como motores do centro.

## Profesorado

O centro conta con 39 mestres/as e profesores/as. Un total de 29 son definitivos (14 mestres e 15 PES), 7 provisionais (3 mestras, 3 PES e a mestra Proa+ que está a media xornada), e 2 mestras de relixión e 1 PES de relixión (todas elas son compartidas). O profesorado con destino definitivo no Centro representa o 92%, polo que o Claustro conta con gran estabilidade, o que permite desenvolver proxectos de máis dun curso de duración. Queremos facer notar aquí que dende o curso 19-20, o ano da pandemia, cambiaron 24 dos 37 docentes que formamos o claustro.

## Persoal non docente

No centro hai 1 persoa funcionaria da Xunta que exerce as tarefas administrativas na secretaría do centro, 1 subalterno traballador do concello que fai os labores de conserxería e 2 traballadoras que pertencen ao persoal laboral da Xunta de Galicia, son coidadoras que atenden aos alumnos con dificultades motrices. Tamén exercen o seu labor, dúas traballadoras dunha empresa privada, contratada polo concello, encargadas da limpeza das instalacións.

## Misión

Como centro de titularidade pública, o CPI A Xunqueira maniféstase aconfesional e respectuoso con todas as crenzas. Maniféstase libre de calquera tendencia ideolóxica ou política determinada e ningún membro da comunidade educativa poderá exercer accións, actividades ou actitudes dirixidas ao adoutramento de calquera tipo de crenza ou ideoloxía. Queremos proporcionar unha educación inclusiva e de calidade para todo o noso alumnado. A nosa finalidade é proporcionar, mediante procesos participativos, un desenvolvemento integral do noso alumnado, traballando cunha metodoloxía activa, na que o alumno aprende actuando, analizando cos seus propios medios, observando.... Procurando fomentar no alumnado unha actitude curiosa, crítica e investigadora que, mediante a comunicación e o traballo, se convirta na base da súa formación e da adquisición de aprendizaxes.

## Visión

Queremos ser un centro referente que:

- Garanta o éxito escolar, promovendo metodoloxías innovadoras e creativas.
- Fomente un ambiente escolar baseado nas boas relacións entre os distintos sectores da comunidade que permita unha convivencia máis harmoniosa.
- Traballe a diversidade atendendo ao alumnado en función das súas características individuais, poñendo en marcha todos os mecanismos que proporcione a lexislación vixente para iso (itinerarios, ACIs, diversificación curricular, apoios, reforzos, programas de recuperación de materias pendentes, etc).
- Antepoña o diálogo e a mediación fronte á sanción como método para resolver conflitos, favorecendo a mediación do propio alumnado neses conflitos.
- Lidere pedagoxicamente, potenciando o benestar de todos os profesionais, tanto persoal como profesionalmente.
- Fomente a xustiza social, facendo especial fincapé nos dereitos da infancia e a igualdade entre homes e mulleres.

## Valores

Queremos transmitir ao alumnado os valores básicos dunha sociedade democrática (respecto aos demais e a un mesmo, sentido da liberdade ligado ao de responsabilidade, a tolerancia, a solidariedade, a defensa da paz, o gusto polo traballo ben feito....) e incentivar a súa participación na mellora da comunidade educativa e da sociedade en xeral. Traballaremos pola eliminación da discriminación contra a muller e na superación dos mitos, tabús e diferenciación de roles entre a muller e o home, practicando un tipo de educación para a igualdade sen discriminación por razóns de sexo, raza, condición social.... Dende o centro traballaremos para dar a coñecer os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible co fin de erradicar a pobreza, protexer o planeta e asegurar a prosperidade para todas as persoas, e faremos accións encamiñadas para acadalos.

## 2.2 Perfil da diversidade do alumnado

CONDICIÓN DE EDUCABILIDADE (describir brevemente)	(Número) e % alumnado con necesidades significativas en cada etapa					
	Total	EI	EP	ESO	BACH	FP
<b>Necesidades asistenciais</b>	(76) 28%		(7) 6%	(69) 49%		
A1. Alimentación	(13) 5%		(3) 3%	(10) 7%		
A2. Vestiario	(3) 1%		(1) 1%	(2) 1%		
A3. Hixiene	(11) 4%		(3) 3%	(8) 6%		
A4. Vivenda e subministración básica	(10) 4%			(10) 7%		
A5. Saúde	(39) 14%			(39) 28%		
<b>Necesidades escolares</b>	<b>Total</b>	<b>EI</b>	<b>EP</b>	<b>ESO</b>	<b>BACH</b>	<b>FP</b>
	(143) 52%		(15) 14%	(128) 91%		
E1. Escolarización	(4) 1%			(4) 3%		
E2. Pagos (libros, material, saídas, comedor, transporte, ...)	(13) 5%			(13) 9%		
E3. Condicións de estudo na casa	(29) 11%			(29) 21%		
E4. Seguimento da escolarización pola familia	(31) 11%		(8) 7%	(23) 16%		
E5. Clima familiar propicio	(47) 17%		(7) 6%	(40) 29%		
E6. Fenda dixital (dispositivos e/ou acceso a Internet)	(19) 7%			(19) 14%		
<b>Necesidades socioeducativas (dentro ou fóra da escola)</b>	<b>Total</b>	<b>EI</b>	<b>EP</b>	<b>ESO</b>	<b>BACH</b>	<b>FP</b>
	(212) 77%		(94) 85%	(118) 84%		
S1. Actividades complementarias (reforzamento escolar, ...)	(55) 20%		(10) 9%	(45) 32%		
S2. Actividades extraescolares (deporte, música, teatro, ocio educativo, ...)	(157) 57%		(84) 76%	(73) 52%		
<b>Observacións:</b>						

NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO (NEAE) LOMLOE	(Número) e % alumnado con necesidades significativas en cada etapa					
	Total	EI	EP	ESO	BACH	FP
<b>NEE - Necesidades educativas especiales</b>	(9) 3%		(1) 1%	(8) 6%		
NEE1. Discapacidade Intelectual						
NEE2. Trastorno do espectro autista (TEA)	(4) 1%			(4) 3%		
NEE3. Trastornos graves de conduta	(1) 0,4%		(1) 1%			
NEE4. Trastornos graves da comunicación e da linguaxe						
NEE5. Discapacidade motora	(3) 1%			(3) 2%		
NEE6. Plurideficiencia	(1) 0,4%			(1) 1%		
NEE7. Discapacidade auditiva						
NEE8. Discapacidade visual						
NEE9. Outras necesidades (concretar):						
<b>AC - Altas capacidades intelectuais</b>	<b>Total</b>	<b>EI</b>	<b>EP</b>	<b>ESO</b>	<b>BACH</b>	<b>FP</b>
	(3) 1%		(1) 1%	(2) 1%		
<b>IT - Integración tardía no sistema educativo español</b>	<b>Total</b>	<b>EI</b>	<b>EP</b>	<b>ESO</b>	<b>BACH</b>	<b>FP</b>
	(1) 0,4%		(1) 1%			
IT1. Escolarizado nun ou dous cursos inferiores						
IT2. Atención educativa transitoria para facilitar inclusión, recuperar desfase curricular ou dominio da lingua vehicular	(1) 0,4%		(1) 1%			
<b>Outras necesidades específicas de apoio educativo (NEAE)</b>	<b>Total</b>	<b>EI</b>	<b>EP</b>	<b>ESO</b>	<b>BACH</b>	<b>FP</b>
	(58) 21%		(23) 21%	(35) 25%		
NEAE1. Atraso de maduración						
NEAE2. Trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación	(2) 1%		(2) 2%			
NEAE3. Trastornos de atención	(10) 4%		(5) 5%	(5) 4%		



NEAE4. Trastornos de aprendizaxe	(36) 13%		(10) 9%	(26) 19%		
NEAE5. descoñecemento da lingua de aprendizaxe						
NEAE6. Vulnerabilidade socioeducativa: alumnado en situación de vulnerabilidade socioeducativa, dous ou máis cursos de desfase por pertenza a minorías étnicas e/ou culturais, factores sociais, económicos ou xeográficos, ou por escolarización irregular	(3) 1%		(3) 3%			
NEAE7. Condicións persoais ou de historia escolar	(7) 3%		(3) 3%	(4) 3%		
<b>DA - Dificultades para a aprendizaxe por necesidades non cubertas</b>	<b>Total</b>	<b>EI</b>	<b>EP</b>	<b>ESO</b>	<b>BACH</b>	<b>FP</b>
	(54) 20%		(20) 18%	(34) 24%		
DA1. Risco de pobreza e exclusión						
DA2. Baixo nivel educativo da familia/titores legais, especialmente da nai (<ESO)						
DA3. Incumprimento da función socializadora-educativa da familia						
DA4. Víctimas de violencia, maltrato infantil						
DA5. Migrantes, refuxiados/as						
DA6. Diferenza entre a lingua familiar e a da escola						
DA7. Colectivos socialmente estigmatizados						
DA8. Entorno familiar segregado						
DA9. Necesidade de reforzo educativo (alumnado repetidor, absentista, ...)	(54) 20%		(20) 18%	(34) 24%		
<b>Observacións:</b>						
Hai alumnado que conta en varios apartados.						

LENDAS: EI (Educación Infantil), EP (Educación Primaria), ESO (Educación Secundaria Obrigatoria), BACH (Bacharelato), FP (Formación Profesional).

ÁMBITOS DE INTERESE E POTENCIALIDADES	(Número) e % alumnado con cada tipo de interese e potencialidades persoais					
	Total	EI	EP	ESO	BACH	FP
<b>AI – Ámbitos de interese do alumnado</b>	(221) 80%		(91) 82%	(130) 93%		
Práctica deportiva	(118) 43%		(50) 45%	(68) 49%		
Ocio individual: videoxogos, escoitar música, ver TV, etc.	(61) 22%		(24) 22%	(37) 26%		
Arte	(23) 8%		(7) 6%	(16) 11%		
Cociña	(19) 7%		(10) 9%	(9) 6%		
<b>PF – Puntos fortes do alumnado</b>	<b>Total</b>	<b>EI</b>	<b>EP</b>	<b>ESO</b>	<b>BACH</b>	<b>FP</b>
	(190) 69%		(110) 99%	(80) 57%		
Creatividade	(65) 24%		(33) 30%	(32) 23%		
Paciencia	(76) 28%		(52) 47%	(24) 23%		
Sentido do humor	(49) 18%		(25) 23%	(24) 17%		
<b>Observacións:</b>						

### 3. IDENTIFICACIÓN DAS ÁREAS DE MELLORA

#### 3.1 Instrumentos de recollida de información previa

<b>Fontes internas</b>	Cuestionario de escola inclusiva ( <a href="#">ANEXO 1</a> )
	Datos da comisión de convivencia do CE
	Datos da avaliación do alumnado
	DRDorienta 2021-22
	Memorias do centro e os departamentos 2021
<b>Fontes externas</b>	Informacións orais recollidas nas entrevistas con responsables e veciños da contorna
	Probas externas PISA

#### 3.2 DAFO

1. VARIABLES <b>EXTERNAS</b> QUE INCIDEN NO CENTRO	
<b>OPORTUNIDADES</b>	<b>AMEAZAS</b>
OP1. Boa relación co Concello e con entidades da zona	A1. Baixa natalidade na zona de influencia
OP2. CFR de zona moi activo	A2. O edificio necesita mantemento urxente, sobre todo no que se refire a eficiencia enerxética.
OP3. Programas europeos Erasmus+	A3. Centro privado cercano que ofrece gratuidade total nos libros e materiais
OP4. Plans e programas da consellería	A4. Varios centros públicos próximos ofrecen ensinanzas de infantil e primaria
2. VARIABLES <b>INTERNAS</b> QUE INCIDEN NO CENTRO	
<b>FORTALEZAS</b>	<b>DEBILIDADES</b>
F1. Bo clima de convivencia e equipo da biblioteca cohesionado	D1. Alumnado pouco motivado cara ao estudo e á participación nas actividades.

	Actualmente non se está a participar co alumnado en ningún proxecto internacional
F2. Porcentaxe elevada de profesorado definitivo	D2.A pesar da progresiva implantación das TIC, hai dotación tecnolóxica infrautilizada
F3.O 65% do noso profesorado incorporouse ao centro nos últimos 4 anos e trae moitas ganas e ideas novas de traballo	D3. Parte do profesorado que segue métodos Tradicionais.
F4. Novos servizos postos en marcha nos últimos anos polo equipo directivo: radio na biblio, aula Maker, madrugadores, comedor.	D4. Pouca coordinación entre o profesorado das diferentes etapas, ciclos e departamentos do CPI

### 3.2.1 Análise e interpretación dos datos DAFO e selección de obxectivos PROA+

1. VARIABLES <b>EXTERNAS</b> QUE INCIDEN NO CENTRO	
<b>OPORTUNIDADES</b>	<b>Traslado a obxectivo PROA+</b>
OP1. Boa relación co Concello e con entidades da zona	Obx. 7 Conseguir e manter expectativas positivas do profesorado sobre o alumnado
OP2. CFR de zona moi activo que nos permite a formación do profesorado en novas metodoloxías para mellorar a práctica docente	
OP3. Programas europeos Erasmus+	Obx. 6 Conseguir e manter un bo nivel de satisfacción de aprender e ensinar
OP4. Plans e programas da consellería	Obx. 1 Incrementar os resultados escolares cognitivos e sociemocionais
<b>AMEAZAS</b>	<b>Traslado a obxectivo PROA+</b>
A1. Baixa natalidade na zona de influencia	Obx. 1 Incrementar os resultados escolares cognitivos e sociemocionais
A2. O edificio necesita mantemento urxente, sobre todo no que se refire a eficiencia enerxética.	Obx. 6 Conseguir e manter un bo nivel de satisfacción de aprender e ensinar
A3. Centro privado cercano que ofrece gratuidade total nos libros e materiais	Obx. 3 Reducir o alumnado con dificultades para a aprendizaxe
A4. Varios centros públicos próximos ofrecen ensinanzas de infantil e primaria	Obx. 5 Conseguir e manter un bo clima no centro educativo
2. VARIABLES <b>INTERNAS</b> QUE INCIDEN NO CENTRO	

<b>FORTALEZAS</b>	<b>Traslado a obxectivo PROA+</b>
F1. Bo clima de convivencia e equipo da biblioteca cohesionado	Obx. 1 Incrementar os resultados escolares cognitivos e sociemocionais
F2. Porcentaxe elevada de profesorado definitivo	Obx. 5 Conseguir e manter un bo clima no centro educativo
F3.O 65% do noso profesorado incorporouse ao centro nos últimos 4 anos e trae moitas ganas e ideas novas de traballo	Obx. 6 Conseguir e manter un bo nivel de satisfacción de aprender e ensinar
F4. Novos servizos postos en marcha nos últimos anos polo equipo directivo: radio na biblio, aula Maker, madrugadores, comedor.	Obx. 3 Reducir o alumnado con dificultades para a aprendizaxe
<b>DEBILIDADES</b>	<b>Traslado a obxectivo PROA+</b>
D1.Alumnado pouco motivado cara ao estudo e á participación nas actividades. Actualmente non se está a participar co alumnado en ningún proxecto internacional	Obx. 1 Incrementar os resultados escolares cognitivos e sociemocionais
D2.A pesar da progresiva implantación das TIC, hai dotación tecnolóxica infrautilizada	Obx. 6 Conseguir e manter un bo nivel de satisfacción de aprender e ensinar
D3. Parte do profesorado que segue métodos Tradicionais.	Obx. 2 Reducir a repetición
D4. Pouca coordinación entre o profesorado das diferentes etapas, ciclos e departamentos do CPI	Obx. 5 Conseguir e manter un bo clima no centro educativo

#### 4. LIÑAS ESTRATÉXICAS DE ACTUACIÓN

Código	Estratexia	Relación cos obxectivos							
		O1	O2	O3	O4	O5	O6	O7	O8
		Incrementar os resultados escolares cognitivos e socioemocionais	Reducir a repetición	Reducir o alumnado con dificultades para a aprendizaxe	Reducir o absentismo escolar e mellorar as fases do proceso de aprendizaxe	Conseguir e manter un bo clima no centro educativo	Conseguir e manter un bo nivel de satisfacción de aprender e ensinar	Conseguir e manter expectativas positivas do profesorado sobre todo o alumnado	Avanzar cara unha escola inclusiva e sen segregación interna no centro
E1	Accións para seguir e "asegurar" as condicións de educabilidade	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
E2	Accións para apoiar o alumnado con dificultades para a aprendizaxe	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
E3	Accións para desenvolver actitudes positivas no centro (transversais)	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
E4	Accións para mellorar o proceso E/A das competencias esenciais no alumnado con dificultades de aprendizaxe	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
E5	Accións e compromisos de xestión de centro e para mellorar a estabilidade e calidade dos/as profesionais	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
E6	Accións non PROA+ definidas e frecuentemente financiadas polas administracións educativas que son clave e non están consolidadas no funcionamento do centro, por exemplo: Programa de Competencia dixital educativa, Ecosistema dixital educativo, Plan de convivencia, etc. (Indicar)			X					

## 5. MARCO DE PLANIFICACIÓN PARA UNHA ESCOLA INCLUSIVA

<b>Marco de planificación</b>			
<b>A – Creando culturas inclusivas</b>			
<b>A1. Construíndo comunidade</b>		<b>A2. Establecendo valores inclusivos</b>	
Indicador inclusivo para mellorar (código do ítem do cuestionario): As familias colaboran e síntense implicadas	5	Indicador inclusivo para mellorar (código do ítem do cuestionario): as expectativas son altas para todo o alumnado	5
Que imos facer? A 233 Dinamización de bibliotecas escolares (EI, EP, ESO) Participación no Plambe			
<b>B – Promovendo políticas inclusivas</b>			
<b>B1. Desenvolvendo un centro para todos e para todas</b>		<b>B2. Organizando o apoio</b>	
Indicador inclusivo para mellorar (código do ítem do cuestionario): o alumnado esta ben preparado para desenvolverse fóra do centro escolar	9	Indicador inclusivo para mellorar (código do ítem do cuestionario): Reducíronse os problemas de convivencia e as sancións por problemas de conduta	7
Que imos facer? A 551 Plan de formación de centro (Profesorado de todas as etapas) Pfp ferramentas dixitais e actividades colaborativas e motivadoras A105 Dinamización de espazos para a redución da fenda dixital: a radio escolar e a biblioteca			
<b>C – Desenvolvendo prácticas inclusivas</b>			
<b>C1. Construíndo un currículo para todos e para todas</b>		<b>C2. Orquestando a aprendizaxe</b>	
Indicador inclusivo para mellorar (código do ítem do cuestionario): O alumnado aprende sobre o traballo e a vinculalo co desenvolvemento dos seus intereses	12	Indicador inclusivo para mellorar (código do ítem do cuestionario): O alumnado aprende de maneira colaborativa.	5
Que imos facer? A230 Actividades de reforzo para a mellora e éxito educativo para alumnado e familias.			



## 6. OBXECTIVOS PROA+

Código	Obxectivo PROA+					
Obx. 1	Incrementar os resultados escolares cognitivos e sociemocionais					
<b>INDICADOR 1</b>		Valor de partida	Criterio de aceptación	Valor 2021-2022	Valor 2022-2023	Valor 2023-2024
Alumnado que promociona con algunha materia non superada		30%	20%	25%	20%	20%
<b>INDICADOR 2</b>		Valor de partida	Criterio de aceptación	Valor 2021-2022	Valor 2022-2023	Valor 2023-2024
Alumnado repetidor		20%	10%	10%	10%	10%
<b>ESTADO DO OBXECTIVO</b>		Acadado		En curso	x	Aprazado

Código	Obxectivo PROA+					
Obx. 6	Conseguir e manter un bo nivel de satisfacción de aprender e ensinar					
<b>INDICADOR 1</b>		Valor de partida	Criterio de aceptación	Valor 21/22	Valor 2022-2023	Valor 2023-2024
Alumnado que participa nas actividades da biblioteca e da radio escolar		20%	50%	30%	35%	45%
<b>INDICADOR 2</b>		Valor de partida	Criterio de aceptación	Valor 2021-2022	Valor 2022-2023	Valor 2023-2024
Profesorado que busca implementar novas metodoloxías participativas e motivadoras		25%	50%	30%	40%	45%
<b>ESTADO DO OBXECTIVO</b>		Acadado		En curso	x	Aprazado

Código	Objectivo PROA+					
Obx. 3	Reducir o alumnado con dificultades para a aprendizaxe					
<b>INDICADOR 1</b>		Valor de partida	Criterio de aceptación	Valor 2021-2022	Valor 2022-2023	Valor 2023-2024
Alumnado que recupera áreas ou materias obxecto de reforzo		30% do alumnado do alumnado do centro	O 50% recupera áreas ou materias obxecto de reforzo	66%	67%	75%
<b>INDICADOR 2</b>		Valor de partida	Criterio de aceptación	Valor 2021-2022	Valor 2022-2023	Valor 2023-2024
Alumnado que abandona o sistema educativo sen os estudos básicos		15%	5%	15%	10%	8%
<b>ESTADO DO OBXECTIVO</b>		Acadado		En curso	χ	Aprazado

Código	Objectivo PROA+					
Obx. 5	Conseguir e manter un bo clima no centro educativo					
<b>INDICADOR 1</b>		Valor de partida	Criterio de aceptación	Valor 2021-2022	Valor 2022-2023	Valor 2023-2024
Profesorado que implementa as TIC para favorecer a mellora na aprendizaxe do alumnado.		30%	50%	35%	40%	50%
<b>INDICADOR 2</b>		Valor de partida	Criterio de aceptación	Valor 2021-2022	Valor 2022-2023	Valor 2023-2024
Alumnado que participa nas actividades da radio escolar		35%	60%	40%	45%	50%
<b>ESTADO DO OBXECTIVO</b>		Acadado		En curso	χ	Aprazado

## 7. ACTUACIONES

ACTUACIÓN 1 (ACTIVIDADE PANCA)												
Código		Nome										
A 233		Dinamización de bibliotecas escolares (EI, EP, ESO) Participación no Plambe										
<b>Obxectivo PROA+</b>		Obx. 6 Conseguir e manter un bo nivel de satisfacción de aprender e ensinar										
<b>Indicador do logro da actuación (AP)</b> (se procede)			Participación do alumnado e colaboración do profesorado nas actividades propostas dende a biblioteca escolar									
<b>Criterio de aceptación</b>		50%		<b>Responsable(s)</b>		Coordinadora da biblioteca escolar						
<b>Alumnado destinatario e temporización:</b>												
EI	2 anos	Temporización	Prevista		Real							
		Grao de execución	NIN		EXE		APR		FIN		CAN	
		Observacións										
	3 anos	Temporización	Prevista		Todo o curso			Real		Todo o curso		
		Grao de execución	NIN		EXE	X	APR		FIN		CAN	
		Observacións	O profesorado promove a participación do alumnado nas actividades									
	4 anos	Temporización	Prevista		Todo o curso			Real		Todo o curso		
